



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/3	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Dar cumprimento ao principio de eficiencia e eficacia no exercicio das competencias do concello»

Data:

18 de febreiro de 2025

Duración:

Desde las 9:30 hasta las 10:30

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	NON
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. MONICA

IGLESIAS

PREGO:

«Motivos laborais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Expediente 907/2024. Modificación do cadro de persoal e Anexo de persoal do orzamento 2025.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a necesidade de modificar o cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Guitiriz para o ano 2025 coa inclusión dunha praza de persoal eventual.

Visto que non se procede a modificar cuantitativamente o importe total do orzamento, polo que se opta pola eliminación de dúas prazas de peón de servizos múltiples. O importe das mesmas se destinará ao crédito para a praza de persoal eventual, considerando que afecta a gastos de persoal, conforme ao artigo 180 do texto refundido da lei de facendas locais, a citada transferencia de crédito é competencia de alcaldía.

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2023 que está en vigor.

Vista a reunión cos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz e o borrador da acta da mesa de negociación de data 10/02/2025.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio xunto co cadro de





persoal, polo que é o mesmo órgano o competente para a aprobación da súa modificación.

Vista a proposta de resolución PR/2025/104 de 10 de febreiro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 10 de febreiro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE , e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Cadro de persoal que se acompaña ao expediente.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal que se acompaña ao expediente en canto ao persoal laboral temporal e ao persoal eventual.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no BOP de Lugo do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Cadro de persoal consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.>>

Expediente 680/2023. Bonificación de ICIO de licenza de proxecto de obra modificado de Castro Paz Sc	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<<Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: RECOÑECIMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS.

De acordo co ordenado por Alcaldía mediante providencia de data 13/10/2023, en relación co expediente de bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e obras (50% na cota do imposto) , en base á solicitude presentada por Rubén Paz Paz con DNI: 33.546.847 J , en representación de Castro Paz SC con C.I.F. J 27320084 e a información obrante no expediente, emito o seguinte

PRIMEIRO: ANTECEDENTES

Solicitude de Rubén Paz Paz con DNI: 33.546.847 J, en representación de Castro Paz SC con C.I.F. J 27320084 do 20/06/2023 (registro nº 2023-E-RE-796) de licenza urbanística para explotación de obra agropecuaria: corte de gando vacún de leite e fosas de zurro no lg. de O castro (Labrada).





Declaración de autoliquidación e liquidación de de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
Castro Paz SC Rpresentado por Rubén Paz Paz NIF 33.546.847 J	Taxa	557.216,50	0,12% (mínimo 30,00 €)	668,65
	ICIO		2,2%	12.258,76
			TOTAL	12.927,41

Rubén Paz Paz con DNI: 33.546.847 J, en representación de Castro Paz SC con C.I.F. J 27320084 con C.I.F. V-27326241 do 20/06/2023 solicita a bonificación de Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), segundo o publicado no BOP de Lugo da licenza urbanística para explotación de obra agropecuaria: corte de gando vacún de leite e fosas de zurro no lg. de O Castro (Labrada) de bonificación do de 01/06/2021.

Informe técnico do medio ambiente de 2023-0147, de data 26/09/2023.

Informe técnico urbanístico 2023-0322 de data 26/09/2023 en referencia a licenza de obra e actividade do promotor Castro Paz SC para Explotación agropecuaria: corte de gando vacún de leite e fosas de zurro por importe de 557.216,50 euros.

Certificado de acordo plenario de 30/10/2023 de concesión de declaración especial interese ou utilidade publica da obra de explotación de obra agropecuaria: corte de gando vacún de leite e fosas de zurro no lg. de O castro (Labrada) por concorrir as circunstancias da Ordenanza de ser unha: Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins e bonifcación do ICIO para unha obra de importe de 557.216,50 euros.

Decreto de alcaldía 2025-033 de 16/01/2025 de concesión de licenza de obra a instancia de don Rubén Paz Paz en representación de Castro Paz S.C. con CIF:J27320084, a seguinte modificación da licenza urbanística concedida por Decreto de alcaldía nº 2023-0821 de data 28/09/203 para Modificado I do proxecto de construción dun cortello de vacas de leite e fosas de zurro., en Lg. O Castro, Labrada (Sta. María) coa referencia catastral 27022A218002270000MI de acordo co proxecto modificado polo enxeñeiro técnico agrícola col. 1098 de COITA Lugo don Raúl Marcos Rodríguez, directora de obra Isabel Arza Río, enxeñeira técnico agrícola, col 300 COITA Lugo visado colexial 2024/020199 de data 02/09/2024 por un importe de 557.362,26 euros.





SEGUNDO. Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A1 en relación as construcións instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outras, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias concretas e podendo ser ata o 90% da cota do imposto.

En concreto o artigo di:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) *RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.*

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.

o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 50% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario.”

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A1) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*. * Xa se





Ile concedeu

Aplicando a modificación da ordenanza en canto a bonificacións de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais, a liquidación sería de 12.261,97 euros (segundo o importe da obra modificada), a **bonificación do 50%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 6.130,98 sendo a bonificación polo mesmo importe. Considerando que xa tiña bonificado o importe de 6.129,38 euros, a diferenza que xa foi aboada polo suxeito pasivo e por parte hai devolver ao mesmo é de 1,60 euros.

Vista a proposta de resolución PR/2025/101 de 7 de febreiro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 7 de febreiro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Declarar o especial interese ou utilidade pública da modificación obra de explotación de obra agropecuaria: corte de gando vacún de leite e fosas de zurro no lg. de O castro (Labrada) por concorrir as circunstancias da Ordenanza de ser unha: *Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins.*

Segundo. Conceder a Rubén Paz Paz con DNI: 33.546.847 J, en representación de Castro Paz SC con C.I.F. J 27320084 una bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Considerando o certificado do acordo plenario xa concedido e o os ingresos recadados, proceder a a liquidación definitiva e devolver os ingresos indebidos realizados a vista do presente .

Terceiro. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 1246/2024. Bonificación ou Exención Tributaria. Bonificación do ICIO a José Manuel López Martínez.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL





INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS.

PRIMEIRO. ANTECEDENTES

Solicitud n° 2024-E-RC-5062 de José Manuel López Rodríguez con NIF 33.545.789 J de bonificación do 50 por 100 do ICIO para a licenza de obra de construción de fosa de zurro cuberta para explotación agropecuaria no lugar de Outeiro de Lea (Porto Vello) (Referencia catastral 27022A262000890000ME).

Solicitud de Roberto Pedrido Rodríguez co DNI 33545789J en representación de José Manuel López Martínez co DNI 33343275Z, para obter licenza de obra para explotación agropecuaria existente, presentada en data 31/07/2020 co E.R.E.325.

Notificación da resolución pola que se formula a declaración de incidencia ambiental polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente de Lugo, recibida en data 07/09/2020 co E.R.C. 4030.

Informe da arquitecta técnica municipal cos cálculos valorativos das obras a realizar, ditaminando que o orzamento da obra ascende a 28.123,20 € en lugar dos 17.501,37 € indicados polo interesado.

Informe da arquitecta técnica municipal nº2020-318 de data 11/09/2020 no que conclúe que debe requirirse nova documentación para a continuación da tramitación e, simultaneamente, remitir o expediente á Consellería do Medio Rural.

Requirimento ao interesado da documentación descrita no informe técnico, recibida en data 14/09/2020 polo seu representante, tras ser enviada na mesma data segundo o S.R.E. 416.

Remisión do expediente á Xefatura Territorial da Consellería de medio Rural de Lugo, para emisión de informe sectorial, en data 14/09/2020 co S.R.C.1128. – Contestación do interesado ao requirimento, presentado polo seu representante daquela, en data 25/09/2020 co E.R.E.422.

Informe favorable condicionado do técnico municipal de medio ambiente co nº 2020-162 de data 05/10/2020.

Notificación do informe sectorial favorable da Xefatura Territorial da Consellería de medio Rural de Lugo, recibida en data 05/10/2020 co E.R.C. 4802.

Informe favorable condicionado da arquitecta técnica municipal co nº 2020-359 de data 23/10/2020. – Informe xurídico de secretaría de data 23/10/2020.

Decreto 2020-0739 de data 23/10/2020 de Concesión a José Manuel López Martínez co DNI 33343275Z licenza urbanística para construción de fosa de zurro cuberta para explotación agropecuaria no Lugar O Outeiro de Lea (Porto Vello) de Sta. María de Lagostelle





(Referencia catastral 27022A262000890000ME), de acordo co proxecto técnico do arquitecto col. 4449 do COAG don Roberto Souto García co visado colexial nº2003560,2 de 28 de xullo de 2020 polo COAG, e o modificado do proxecto do mesmo arquitecto co visado colexial nº 2003560,4 de 24 de setembro de 2020 polo COAG.

Xustificantes de ingreso de Liquidación de taxa e ICIO por importe de 584,64 € en data 31/07/2020 e de importe 67,81 € en data 27/01/2023, sendo a suma de ambos ingresos o montante total de 652,45€.

Informe da Técnico de urbanismo nº 2023-0376 de data 28/11/2024 na que se establece entre outros, o seguinte tenor literal: "... B) Que la valoración de ejecución material de esta certificación se valora en CINCUENTA Y CUATRO MIL QUINIENTOS SESENTA EUROS (54.700,00 €), siendo esta valoración superior a la del proyecto

SEGUNDO. REGUALCIÓN DA ORDENANZA FISCAL.

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A1 en relación as construcións instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outras, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias concretas e podendo ser ata o 90% da cota do imposto.

En concreto o artigo di:

"ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.





o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 50% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario.”

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A1) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*

Considerando que o importe final da execución da obra foi de 54.700 euros, aplicando a ordenanza en canto a bonificacións de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais, a liquidación sería 1.203,40 euros, a **bonificación do 50%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 601,70€, sendo a bonificación polo mesmo importe de 601,70 euros. O suxeito pasivo fixo dos ingresos de 584,69 euros e 618,71 euros.

Vista a proposta de resolución PR/2025/98 de 7 de febreiro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 7 de febreiro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Declarar o especial interese ou utilidade publica da obra de explotación de obra de construción de fosa de zurro cuberta para explotación agropecuaria no Lugar O Outeiro de Lea (Porto Vello) de Sta. María de Lagostelle (Referencia catastral 27022A262000890000ME), por concorrer as circunstancias da Ordenanza de ser unha: Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins.

SEGUNDO. Conceder a José Manuel López Martínez con NIF 33.343.275 Z , una bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, para a obra do presente expediente, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo. Vistos os





ingreso realizados procede facer a liquidación definitiva e devolver os ingresos indebidos realizados a vista do presente

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 128/2023. Proposta adxudicación contrato determinados servizos de axuda no fogar (dependencia e libre concurrencia)	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< **Feitos e fundamentos de dereito:**

Proposta adxudicación do contrato de determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concurrencia). Expte. 128/2023

Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

-Memoria xustificativa de data 14/11/2024.

-Acordo plenario de data 18/11/2024 iniciouse o expediente de contratación de determinados servizos de axuda no fogar mediante procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada.

-Informe xurídico da secretaria da Corporación de data 19/11/2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

-Dilixencia de existencia de crédito de data 19/11/2024.

-Informe xurídico da secretaria da Corporación de data 20/11/2024

-Acordo plenario de data 28/11/2024 de aprobación do expediente de contratación do contrato determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concurrencia).

-Anuncio en la Plataforma de Contratos do Sector Público de data 4/12/2024.

-Actas da mesa de contratación de datas 15/01/2025; 16/01/2025; 5/02/2025 e 10/02/2025.

Visto que na acta da mesa de contratación de 10/02/2025 a Mesa de Contratación por unanimidade dos membros presentes e a vista das valoracións efectuadas e da puntuación total acadada polos licitadores presentados propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a “Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL” con CIF B 27445253 previa presentación da documentación esixida nos pregos e de acordo co seguinte orde de clasificación de ofertas:

1º. Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL con 90,75 puntos





2º. Senes CIT SL con 89,41 puntos

3º. Osventos Innovación en Servizos SL con 86,62 puntos

Considerando o disposto na LCSP, concretamente o artigo 150.2 na cal se establece:

<< Artículo 150. Clasificación de las ofertas y adjudicación del contrato.

(...)

2. Una vez aceptada la propuesta de la mesa por el órgano de contratación, los servicios correspondientes requerirán al licitador que haya presentado la mejor oferta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145 para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, presente la documentación justificativa de las circunstancias a las que se refieren las letras a) a c) del apartado 1 del artículo 140 si no se hubiera aportado con anterioridad, tanto del licitador como de aquellas otras empresas a cuyas capacidades se recurra, sin perjuicio de lo establecido en el segundo párrafo del apartado 3 del citado artículo; de disponer efectivamente de los medios que se hubiese comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato conforme al artículo 76.2; y de haber constituido la garantía definitiva que sea procedente. Los correspondientes certificados podrán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, salvo que se establezca otra cosa en los pliegos.

(...)>>

Considerando a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vista a proposta de resolución PR/2025/115 de 12 de febreiro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do PP , e cos votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Seleccionar a empresa "Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL" con CIF B 27445253 como autora da proposición mais vantaxosa para a corporación no contrato de determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concorrencia) de acordo co seguinte orde de clasificación de ofertas da mesa de contratación de data 10/02/2025:

1º. Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL con 90,75 puntos

2º. Senes CIT SL con 89,41 puntos

3º. Osventos Innovación en Servizos SL con 86,62 puntos

SEGUNDO.- Requirit a empresa "Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL" para que previamente á adxudicación do contrato e no prazo máximo de dez días hábiles presente a





documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia a cláusula 15 dos pregos de cláusulas administrativas.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS
Non hai asuntos

Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:

SHA512-

ee2c5d7e4e2c069879103cf1dee8618bc85fe506b2cce281ce517b7f87da0346d37dd0d
aae679b946f995e4269542813ba3cc8b652c7de347c1327e2d6e1ffce

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:

<https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?>

id=YWYyYjMxZjctZGUyMi00Yjg5LWJlZGMtM2U5MmI2NjAyOGVI

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

